

# Aplausos en Celanova para o etnógrafo luso que «ignora deliberadamente» a fronteira e a raia seca

OURENSE / LA VOZ

A entrega do premio «Celanova, casa dos poetas» ao historiador e etnógrafo portugués Antonio Lourenço Fontes, o Padre Fontes, foi celebrada onte como exemplo da mellor relación galaico lusa. O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, ponderou que se distinguira a un home «tan galego como portugués, pois ignora deliberadamente a existencia de calquera fronteira administrativa que queira estar por riba das continuidades culturais e humanas que unen os dous lados da raia». Na mesma liña, o homenaxeado deixou claro que sempre viu as terras do Barroso, do lado portugués, como unha continuidade natural de Galicia.

A humanidade e a humildade de Fontes son, aparte da súa aportación e sabiduría, cualidades que adornan a personalidade do autor homenaxeado nesta ocasión, según puxo de relevo David Teixeira, unha persoa que coñece a trata a este cura, emprendedor, etnógrafo e antropólogo imprescindible nas terras de Tras-Os-Montes, para achegarse ata o veciño Montalegre.

Con Fontes, dacordo coa acta da fundación Curros Enríquez, faise un «recoñecemento a unha



Lourenço Fontes, á dereita, co alcalde de Celanova diante do busto de Celso Emilio. MIGUEL VILLAR

persoa que, coma a propia natureza, non se sabe se é de aquí ou de acolá, porque para el, no entorno da fronteira administrativa de dous países, non existe nin acá nin acolá, senón unhas xentes e unhas terras cun só obxectivo común, manter para o futuro, dun xeito mellorado, o legado dos nosos devanceiros».

De Antonio Lourenço Fontes tamén se destacou a súa implicación no desenvolvemento do rural, expresado na posta en marcha de dúas hospederías en Mon-

talegre, o seu compromiso social como crego en Vilar de Perdices, e o seu empuxe para a celebración dos congresos internacionais de medicina popular, ou as noites das bruxas. A cita, cando coincide nestas datas venres e trece acaba xuntando a milleiros de visitantes en Montalegre.

Luxo como é Fontes para a raia seca, houbo que agardar 32 anos para que pasará alá o premio «Celanova, casa dos poetas».

Como dixo José Luis Ferro, alcalde de Celanova e presidente

da fundación Curros Enríquez, de Fontes resulta admirable «a súa sinxeleza humana, que fai que semelle que todo é doado de facer e que incluso as empresas máis audaces e arriscadas, como pode ser manter nestes momentos da súa vida dúas casas de turismo rural abertas, pareza que se xestionan elas soas e que só fixo o esforzo de abrilas».

A xornada incluíu unha ofrenda floral no busto de Celso Emilio Ferreiro e o acto propiamente dito da entrega do premio.